

59

Xogo nocturno

Coñecemento. Atención. Reflexos

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

30 ou máis participantes
45 minutos

ASALTO Á FORTALEZA

MATERIAIS

4 lanternas.

ESPAZO

Espazo aberto e con árbores (vaia... o que se coñece por “monte”).

DESCRICIÓN

Identifícase un espazo entre catro árbores como “A Fortaleza”.

Catro gardas da fortaleza reciben cadansúa lanterna.

Os demais participantes pérdense na noite.

Os gardas permanecen no interior da fortaleza e coas lanternas deben recoñecer os asaltantes que intentan entrar nela.

Para iso deben enfocar unha persoa coas súas lanternas e berrar alto e claro o seu nome.

Os participantes deben ser quen de entrar na fortaleza sen seren recoñecidos (está permitido mudar de roupas).

Unha vez que todas as persoas entraron ou foron recoñecidas reanúdase o xogo.

As persoas que lograron entrar poden decidir se queren seguir xogando como gardas ou como asaltantes.

